

IRIMIA



REVISTA MENSUAL
DE CRENTE GALEGOS
ANO XLIV
Nº 1077
De decembro de 2025 a
xaneiro de 2026
Benia quen constrúe
a paz!

26

Abrindo
un tempo
novo para
a nosa
revista

Facendo país de
abaixo arriba



O trasno

Daniel López Muñoz

Fin de ciclo, tempo de solecer, tempo de agradecer

Isto non é outra Alba de Gloria, non. Isto é nada máis, e nada menos, que unha marcha inacabada da banda da gratuidade. Toca agradecer tanta música, intelecto e corazón. Coma o mestre Miguélez nos dixo unha vez hai anos que escoitara na serra da Corda: o que ben se agradece, medra e solece, o que non se agradece, logo podrece. Imos, logo co pasacorredoiras dos agradeceres.

Comezo emocionado -porque si- por Luis Aldegunde, doente de ELA, facheiro constante na agudeza, no humor, na xenerosidade. E con el chego a Pepe Chao, xenial inventor de universos paralelos e mellores. E por eles chego a Lidia Campos, co seu traballar calado – xuntos os tres- por coidar o galego da revista, que coidando o que amas, amas o que coidas. E con Lidia, Valentina Formoso, lindo par, fiel empeño, amigable escritura. E na sala de máquinas, facendo todo posible, Rubén Rivas, o que nunca fallaba. Con Mariano Guizán, Luciano Pena, José A. Martínez, Pedro Pedrouzo e Lines Salgado, para o que cumprise. E Manolo Turnes e Belén Caballo e Ana Giménez, compañeira, casas que acollen, calor e café de redacción. Que linda amizade, viva para sempre.

Atril de honra para Alfonso Blanco, crego curador da nosa cultura, peneirando a realidade, coa mirada aguda da cegueira física. E da súa man -acariñando a súa man- vexo a Mero Iglesias, que pinga a pinga orballou securas e escorrentou pesares. E de relevo de Alfonso, Bea Cedrón, flor ventureira, peneira que te peneira, con enxeño e emoción, bonita rima, será por poesía!

A banda ten moito artista de Deus-noso-señor. Dos de pide que che dou, dos que cobran en apertas. Medalla de ouro para Marta Sopena e Xosé Lois Vilar, antenas da Galicia solidaria. Desá mesma raza autóctona, Bernardo G. Cendán, Rubén Aramburu e Manolo Regal, curadores da ánima, axendas imposibles nas que sempre houbo tempo para nós, sen medallas, puro servizo galaico-galileo, como o da comunidade de Vangarda Obreira, ... e Carme Freire retornándonos á terra que nos fai.

Lucía Santiago, Mari- sa de Corme, cantarei- ras na fiestra rebelde e feminista co equipo de Irimia en Lila. Tareixa Ledo e Christina Mo-

reira dando boa nova para os camiños, xunto a Carme Soto e Olga Álvarez entre outras.

E unha enxurrada de colaboracións. Contrapuntos de sensatez e criterio, con Madó Domínguez e Lois Ferradás; Carme Puente -directora-; Carmela Capeáns e Agustín Bueno, sabedorías militantes. Tintxu, Carlos Vázquez e Tino de Santiago, co bisturí na actualidade; Antón Pinto, o lector contaxioso; Xan Guillén, no radar das pequenas esperanzas, Secho de la Torre no do ensino e Tere Souto no dos dereitos sociais. E Xabi Blanco sempre listo para axudar.

Pola banda pasaron solistas ilustres: Felipe Arias, Suso de Toro, Manuel Rivas, Fernández Naval, David Otero. Ah!, e o inconmensurable Vitorino P. Prieto, ...que se prepare o tío Donald.

E, con perdón por tantos non citados: Grazas por tanta boa música!



Final dunha xeira: dando razóns do feito, abrindo un novo tempo.

Como anunciamos recentemente, a revista Irimia finaliza con este número toda unha etapa, a que podemos considerar iniciada en 1993, co traslado da mesa de redacción a Santiago de Compostela, cun primeiro treito de periodicidade quincenal e un segundo, mensual. Iníciase agora unha nova xeira.


Cambios así son un bo momento de parar e dar razón, e razóns, do pretendido e do feito neste tempo.

Unha feliz “anomalía” chamada Irimia

“Revista de crentes”. Lembremos aquel contexto dos noventa: unha recente e tateante democracia e unha modernidade afortunadamente máis laica que sospeitaba e sospeita, con sobradas razóns históricas, de todo o que tivese connotación “eclesiásticas”; uns ventos vaticanos en clave “wojtyliana” e “rouquista” reaccionando contra os “excesos” das comunidades de base, da renovación parroquial e dos cregos galeguistas e antifranquistas, e condenando ou acosando a teólogos post-conciliares como Torres Queiruga etc... Nese escenario a Irimia seguiu sendo dalgunha maneira unha voz de difícil clasificación, algo “fóra do normal”. Recentemente celebráronse datas conmemorativas da fin da ditadura franquista e a pouco que se escarve na historia e no noso presente socio-cultural, vemos como as feridas, apropiacións e prexuízos sobre o que poderíamos chamar “o fenómeno relixioso” son de difícil superación na modernidade, na memoria, e na cultura da esquerda, por veces cunha certa dose de esquematismo. O nacional-catolicismo foi un desastre, unha malversación. En sentido contrario, situarse sen prexuízos no diálogo fraterno, establecer pontes, poñer o acento en proxectos humanos liberadores nos que camiñen do brazo persoas que se confesan crentes con outras que non, xerar unha espiritualidade para vivir unha vida boa, poñer o foco en definitiva na “humanización da humanidade” e non nas etiquetas de cada quen... foi un reto que aceptamos con gusto. E para sermos xustos, un papado como o de Francisco foi toda unha confirmación da nosa aposta.

De crentes “galegos e galegas”. Non menos envelenado pola nosa historia có par “relixioso-irrelixioso”, está a “cuestión galega”: “o pobo, a lingua, a fala”, a identidade minorizada e o auto-odio inoculado nas xentes galegofalantes. Esa ferida histórica na que a Igrexa en Galicia, como institución -quitados exemplos espléndidos de todo o contrario sempre presentes na nosa revista- nunha quixo en serio reparar. Facer normal o galego na nosa escrita, nas celebracións e militancias, axudar a algo tan elemental como poder vivir en Galicia unha vida plena en galego, foi e seguirá a ser algo gozoso para este medio.

a revista sorprendía tanto ás persoas laicas militantes como ás que identificaban cristianismo con conservadorismo





Cuestión de fe, cuestións de “fes”

Efectivamente, durante esta etapa, a revista Irimia sorprendía tanto ás persoas laicas militantes nas causas xustas da nosa hora, como ás que desde unha posición tradicional identificaban cristianismo con conservadorismo social e político. No fondo está o asunto do que, o se entenda e viva por “ser crente” por cada unha desas posicións, pode diferir substancialmente do que Irimia como colectivo promotor da revista entendeu e promoveu. Cómpre logo dar razón da nosa angueira, máis aínda nestes tempos nos que coexiste unha presunta post-relixiosidade xunto con, en sentido diametralmente oposto, o rearme dunha ultra-relixiosidade mentireira e folclórica ao servizo de novas formas de fascismo.

No número 802 (xaneiro de 2010), recolleemos na revista un texto homenaxe ao teólogo neerlandés Edward Schillebeeckx, con motivo do seu pasamento. Un texto breve e moi clarificador: “As persoas crentes ven na historia da liberación humana o rostro de Deus. As persoas non crentes non o ven; pero no nivel de liberación humana (o material da revelación de Deus) cabe

que sobre este proceso falen tanto crentes coma non crentes unha linguaxe común. Daquela, o decisivo non é o expreso recoñecemento ou a negación de Deus senón a resposta á pregunta: Que lado elixes na loita entre o ben e o mal, entre os opresores e os oprimidos?”. Sobre esa base ábrese un mundo de posibilidades para unha cultura do encontro entre todas aquelas persoas buscadoras dun planeta sustentable habitado por unha humanidade na que medre o dereito, a igualdade na diversidade e a paz xusta. Iso ten concrecións históricas. E de novo un percorrido polos textos do papa Francisco resulta revelador e inspirador nesta “liña irimega”, anteriormente condenada con vehemencia por bispos e blogs ultras, así como paternalmente desaconsellada por outras voces “moderadas e conciliadoras”.

Postos a argumentar, tiñamos os nosos argumentos e intuicións. Son contundentes os principios, os textos da escritura que se mostran como “criterio de verificación” dunha fe auténtica, que apoian esa perspectiva que asumimos como nosa e que sinalan, sen prexuízo do cultivo de espiritualidades diversas, a “importancia da materia”, do “amor concreto”, do “proxecto histórico de humanidade”. “Se non amas a ese irmán/á que ves.... (1 Xoán 4:20); “Quen ama coñece a Deus. Quen non ama, non coñece a Deus. Porque Deus é amor.” (1 Xoán 4:7-8); Non quen di Señor, Señor, senón que fai....(Mateo 7, 21); E cando te vimos famento, sedento,?; “A verdadeira relixión, pura e sen mancha, é atender aos orfos e as viúvas e conservarse limpo de corrupción” (Santiago 1,27).

“Matárono pola forma en que comía” (indicou o teólogo Robert J.Karris, e recordábanolo Pepe Chao con frecuencia), e con quen comía. Porque a cuestión ten moito que ver con onde nos situamos, con quen estamos, con quen compartimos sorte e proxecto histórico. A aínda máis, visto desde a cruz, o amor terreal, cotián, solidario e liberador -as veces con fatais consecuencias- é o lugar desde o que se experimenta o sagrado. É, efectivamente, a “vía auténtica”, o “criterio de verificación”, esencialmente inseparable, condición de posibilidade do “amor místico cristián” (non necesariamente doutros “amores místicos” que os hai feixes e moreas no supermercado global do supranatural).



**Xente
de aquí.**

**Caboverdianas
en Burela**

As causas de Irimia

A etapa que agora conclúe tiña boas raíces, xa que a Irimia nace a principios do 80, e nace dun humus de terra lenta e propicia, unha época de futuro, cambio e esperanza. Tamén de proclamar aquel “Eu renazo galego”. E dunhas “alianzas virtuosas”: Os coloquios de parroquias (que eran “europeos” e fixéronse “galegos”), o colectivo Boa Nova (os cregos obreiristas de Ferrol), mocidade en movementos cristiáns de base e grupos diversos, os curas obreiros de Vigo e os agraristas de Lugo, Ourense..., mestres e mestras galeguistas, a Encrucillada, a Romaxe, cregos “represaliados” polo bispo integrista Temiño, as comunidades cristiás populares e os movementos de base, así como aquelas parroquias vivas e a mobilizadoras de barrios enteiros; a transición, unha Galicia moza, o contexto internacional e a teoloxía da liberación.

Pero aquel fervedoiro foi mudando. A sociedade cambiou e a renovación eclesial desde dentro foi estratéxicamente freada. A sociedade secularizouse. Pero as causas xustas seguían aí. E empezaban polo próximo, como indicaba o lema ecoloxista: pensar globalmente, actuar localmente. Así, contracorrente, continuamos coa teima do “que lado elixes na loita entre o ben e o mal, entre os opresores e os oprimidos?”. Buscando ese lugar e esa linguaxe do encontro.

Repasando os nosos enfoques e acentos, os nosos temas e causas, na etapa que conclúe celebramos que sexan reveladores do que manifestamos no seu momento nun documento interno de traballo: de que hai unha maneira de vivir a fe cristiá como “experiencia de liberación...que non só non se contradí coa emancipación humana, coa loita pola integración das persoas excluídas, coa superación das diversas formas de explotación, coa curación de opresións psicolóxicas e relixiosas,senón que non é posible recrear a experiencia xenuína da fe cristiá sen estar no medio desa corrente humanitaria de liberación....pois xa asumimos que “fóra do mundo non hai salvación”.

Por iso, repasando os diversos números da revista nesta etapa que conclúe, vese como tomamos como propia a causa dunha sociedade con servizos públicos que garanta equidade e dereitos básicos; por iso nos poñemos a carón de quen defende o territorio, de quen o habita e cultiva en contra de quen especula e depreda; por iso nos rebelamos contra os xenocidios vestidos de guerra xusta; por iso nos puxemos na pel de quen se exilia por persecución ou emigra por fame; por iso apostamos por un planeta multicolor, pola nosa lingua e cultura galegas, herdo benquerido que queremos vizoso; por iso impugnamos a cultura machista e patriarcal; por iso nos fixemos eco de centos de pequenas experiencias e iniciativas solidarias, inclusivas, comunitarias ao longo e largo de Galicia..... porque en todo iso nos xogamos o que é realmente importante e decisivo.

o decisivo é: Que lado
elixes na loita entre
o ben e o mal, entre
os opresores e os
oprimidos?

O imperio da cobiza

Teño para min que o feito político global máis determinante do ano 2025 foi a chegada de Donald Trump á Casa Branca, determinante na política internacional e altamente influente nas políticas rexionais e nacionais.

O *statu quo* democrático liberal que se vai articulando, global e rexionalmente, despois da Segunda Guerra Mundial, descansa no peso decisivo dos Estados democráticos, que arbitraban o xogo de intereses económicos, sociais e de clase nos ámbitos nacionais.

No ámbito internacional, o *statu quo* descansa na creación da Organización das Nacións Unidas (ONU), institución que, co propósito de evitar catástrofes como as das dúas grandes guerras, media nas relacións e conflitos internacionais e establece programas e organismos destinados a preservar o respecto aos dereitos humanos, a potenciar unhas relacións económicas e sociais equilibradas e a incrementar o benestar, a saúde, a educación ou a cultura dos países membros. Para iso son os programas e organismos da ONU, como a FAO, a OIT, a OMS, a UNESCO, o FMI, etc. Esta orde liberal mantén o predominio dos principios, estratexias e intereses do chamado “sistema capitalista”, pero tenta amortecer os seus excesos e efectos negativos, primordialmente en prol da perdurabilidade do propio sistema.

Pois ben, a chegada de Donald Trump, xa no seu primeiro mandato, non é outra cousa que a posta en práctica do neoliberalismo ou, por mellor dicir, do ultraliberalismo, desde a presidencia da “primeira potencia mundial”. As doutrinas que Friedman, Harberger e os *Chicago Boys* formularon e ensaiaron no Chile de Pinochet toman corpo e asúmense sen complexos, *urbi et orbe*, e co modelo máis radical.

Non se trata unicamente de facer saltar polo aire o *statu quo* liberal,

reducindo o poder de arbitraje do Estado sobre o capital, senón que serán os capitalistas e as corporacións económicas e financeiras mesmas as que tomen o Estado e as institucións internacionais e exerzan directamente o poder

político. As institucións políticas democráticas do Estado redúcense a ser mera garda pretoriana do poder económico. Por iso Trump, no seu país, despreza e pasa por riba das institucións e dos controis democráticos e trata de someter os outros poderes do Estado, camiñando abertamente cara a unha autocracia que garanta o poder político directo dos prebostes do capital e das finanzas.

No escenario internacional, desprézanse e sáltanse as institucións internacionais sen o menor reparo. Basta ver, por exemplo, quen negocia no conflito ruso-ucraíno: o investidor inmobiliario Steve Witkoff e o xenro de Trump; constatar os desplantes diarios á ONU e ás súas organizacións, ou como, nas negociacións políticas internacionais, o primordial e case único elemento para negociar son os beneficios económicos das grandes fortunas, sobre todo norteamericanas. Faise negocio coa guerra vendendo e consumindo armamento e faise negocio coa reconstrución do previamente arrasado. Arriquecer as grandes fortunas é o primordial obxectivo da política.

O mandato de Trump nos EUA, todo este ano 2025, reforzou o ascenso das dereitas ultraliberais extremas en todo o mundo, quedando a UE como unha anomalía das democracias liberais, que se vai deteriorando a un ritmo semellante ao crecemento das dereitas ultras no seo dos Estados membros, deterioración e crecemento que se impulsan abertamente desde a Casa Branca.

O ano 2026 será un tempo duro de loita entre o neoliberalismo ultra e a “cleptocracia” e o que vaia quedando das democracias liberais. O escenario destas batallas será, primordialmente, Europa. Os contendentes serán os partidos da extrema dereita e da dereita subalterna contra os demócratas progresistas, a socialdemocracia e as esquerdas; contra os dereitos humanos, a igualdade e o Estado do benestar.

Imos cara ao imperio da cobiza.



Protestas contra Donald Trump en Estados Unidos

O mandato de Trump reforzou as dereitas ultraliberais extremas

... pero a vaquiña polo que vale

Marcos Mallo, membro da organización do encontro

III Encontro Burla Verde pola Defensa da Terra

O III Encontro Burla Verde pola Defensa da Terra foi un espazo de achegamento, de resistencia, de aprendizaxe e de celebración, que tivo como obxectivo unir as persoas e os colectivos na defensa da terra e da vida, visibilizar as súas loitas e ofrecer alternativas ao modelo extractivista, opresor e saqueador que ameaza o rural e a natureza de Galiza.

Somos un grupo de persoas preocupadas pola destrución e polo saqueo da nosa terra, que recolleamos o testemuño da anterior edición, celebrada no Courel, e parécenos importante permanecer conectadas e seguir facendo presión todas xuntas contra os proxectos saqueadores que nos ameazan.

Semella que Galiza está considerada unha terra de sacrificio na que todo vale. Os beneficios económicos dunhas poucas empresas non son xustificación suficiente para arrasar cos montes ou substituír as fragas, cheas de vida, por monocultivos baleiros. Non se trata só da destrución da paisaxe, enchéndoa de polígonos eólicos en cada serra na que bata o aire, e agora tamén no mar, de minas, de plantas de biogás ou dunha macropapeleira como Altri. Trátase tamén da eliminación dos nosos últimos ecosistemas funcionais e dos servizos que nos proporcionan de balde (coma auga ou aire, sen ir máis lonxe), dos derradeiros espazos naturais e do asedio a un xeito de vida rural que cada día o ten máis difícil para sobrevivir.

Neste III encontro houbo todo tipo de actividades. Desde palestras, nas que falamos do impacto dos polígonos eólicos sobre os morcegos; dos efectos da eucaliptización sobre a flora e a fauna; da contaminación das augas da Limia e da Baixa Limia derivada dunha agrogandería insostible; dos impactos do biogás, das macrogranxas e de Alcoa; do fenómeno dos incendios e megaincendios, o seu impacto e o noso

papel como sociedade; e de como todos estes proxectos que nos ameazan poden acabar coa biodiversidade e cos recursos dun país. Pero tamén debatemos sobre comunidades enerxéticas, agricultura tradicional, agroecoloxía e custodia do territorio, como exemplos doutros xeitos de habitar a terra sen necesidade de destruíla.

Como non podía ser doutro xeito, tamén houbo espazo para o lecer, con contacontos, feira de artesanía, teatro foro, títeres, obradoiros, concertos e un espectáculo de lume para rematar a xornada. E, por suposto, contamos coa presenza de distintos colectivos en loita.

Desde a organización do III Burla Verde pensamos que o único xeito de enfrontar o modelo extractivista que nos ameaza é desde a unidade e a resistencia, deixando claro aos poderes políticos e económicos o noso rexeitamento a ese modelo que só trae empobrecemento e destrución ao territorio.

“O modelo extractivista, opresor e saqueador que ameaza o rural”



En setembro de 2025, Vilanova dos Infantes (Celanova) converteuse no epicentro dun encontro festivo e reivindicativo: o III Burla Verde pola defensa da Terra e da vida.

O peto do Santo Antón

Manuel Regal Ledo

Feliz Aninovo, pero novo de veras!



Un grafiti, no muro de Belén, mostra a un soldado pedíndolle a documentación a un burro. EFE



Benqueridas lectoras e lectores de *IRIMIA*:

Pola escrita de Manolo Regal imos sabendo aquí como levades as circunstancias dolorosas da vosa vida, sobre todo esa fonda tensión que estades a vivir ao ver como os poderosos —hoxe parece que mesmo máis ca nunca— andan a descompoñer o mundo; xaora, seguidos tamén de tanta xentiña que lles anda a facer caso. Desde aquí quedamos abraizados vendo os despropósitos dese tal Trump e dos líderes menores que, coma borreguiños, lle andan a facer as beiras. Xa algo de todo isto nos ten falado o irmán Bergoglio, que por certo vemos que entende moito diso da irmandade entre os pobos.

Pois que queredes que vos diga, que vos digamos! Sede realistas, pero non desesperedes. Sede realistas, dándovos conta de que o que hoxe andan a facer entre vós na cousa de rexer os pobos e nacións, na cousa de convivir ou non convivir entre os pobos, iso é conto vello, de sempre; desde que o ser humano é ser humano, case sempre as cousas foron así. Ás veces, como o maltrato humano lle trae a todos moitos inconvenientes, a xente escarmenta. Póñovos por caso o que en Europa e noutras partes do mundo pasou despois de dúas guerras mundiais case seguidas en menos de medio século XX. Houbo moi boas iniciativas orientadas a garantir o respecto, a boa convivencia, a solidariedade entre os distintos pobos do mundo. Pero, ou porque as cousas non se souberon facer ben de todo, ou porque sempre levamos dentro de nós como un demo que nos encirra ao mal, volvéstedes ás mesmas, levados da man case sempre por xente que sabe agochar os seus intereses particulares debaixo dunha aparencia de cambios necesarios para mellorar o mundo. O que melloran son eles, falsarios! Pero a xente, moitas veces —por desgraza, a xente máis sinxela e popular—, déixase engaiolar por tales historias e aló van todos a repetir os fracasos da humanidade.

Ben vedes que todo isto obedece sempre á lóxica daquilo polo que o mesmísimo Xesús, o noso mestre querido, foi tamén tentado no seu día: a lóxica dos cartos, da fama, do poder.

Así que logo, amiguiñas, amiguiños, sede realistas; non soades peores do que fomos nós, os vosos maiores, sodes coma nós. Pero non por iso sexades pesimistas nin perdades a esperanza, nin deixedes de encher a historia desa dose de ilusión, de fantasía, de bondade, de xustiza, de tenrura, que é a que permite soñar co imposible e ir instaurándoo no propio corazón e, para empezar, tamén nos espazos miúdos nos que vos movades. Lembrade aquilo do noso irmán Xesús, o Cristo: “E quen dea de beber a un destes pequeniños, aínda que soamente sexa un vaso de auga fresca, por ser discípulo meu, asegúrovos que non perderá a súa recompensa” (Mt 10,42). Ou, se vos dá máis confianza: “Pois vós mesmos tedes contados todos os cabelos da cabeza” (Mt 10,30), detalle de seguridade no que case nunca reparamos.

Veña logo, menos chorar e máis cantar. Menos medo e máis ousadía. Menos encollerse e máis expandirse, con arranxo ao que todos, todas, vós tamén, levades no fondo do corazón como sinal da vosa identidade divina. Apertas. Feliz Nadal! Gozade con Emmanuel!

O voso Santo Antón.

© CARRABO UXO por KOBÉ LOIS

(POR QUE SE ESTÁN ABANDONANDO TANTAS ALDEAS? PORQUE SE ESTÁN ABANDONANDO!)



VANNOS RECORTAR A XARDA UN 70% ORDIA, QUEDA COMA UNHA XOUBA!



O peto común

Josecho de la Torre Culler

Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis

Cando comeza o ano novo, algunhas persoas tendemos a botar a mirada atrás para medir a velocidade coa que esvaeceu o ano anterior; outras fan propósitos para o ano novo: deixar algún mal hábito, comezar algún proxecto, estudos, obra ou viaxe pendente...

Na cativada non é así, entre outras cousas porque a velocidade do tempo non é a mesma ca a dos adultos, porque non hai máis preocupación que o goce propio dos días de Nadal e porque ano novo significa comezar unha conta atrás ata a noite máxica de Reis. E, falando desta noite, quero lembrarme dun libro que naceu en 1999 e, tras máis de medio século, segue tan vivo que ano tras ano non deixa de atrapar as xeracións máis novas: *Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis*.

Pois ben, falamos dun best-séller das nosas letras que, baixo a historia de Martiño, logra atraparnos de inicio a fin, pasando por un carrusel de sensacións, á vez que nos divirte coa súa melodía:

«O tren de Martiño, chu, chu, chu,
vai polo camiño, chucu, chucu, chu».

Supoño que o seu escritor, Chema Heras, e o seu ilustrador, Kiko da Silva, pouco podían imaxinar que este álbum ilustrado tivese tan longo percorrido cada vez que asoma este día tan especial.

Dito isto, queridos/as lectores/as, se len este Peto antes da Epifanía, devezo que as súas Maxestades lles traian

Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Australia prohibiu hai uns días o acceso de menores de idade ás redes sociais. Isto podería ser unha boa nova. Hai moitos casos na nosa sociedade de rapaces e rapazas moi influídos pola imaxe que dan e que reciben en Instagram ou en TikTok.

Tamén pode ser unha nova nefasta, xa que non deixa de ser a interferencia dun Estado, neste caso o australiano, no labor educativo que teñen que facer os proxenitores. Ademais, pode resultar un “brinde ao sol”, xa que a rapazada sabe mil xeitos de saltar esa prohibición e seguir empregando o que lles gusta. Poñer límites a internet é poñer portas ao campo.

De todos os xeitos, eu alégrome do debate. Está ben que se fale do tema. Que se conte que en internet hai moito engano. Que os corpos esculturais e as dietas milagreas que aparecen nas redes son pouco fiables. Tamén está ben o que din unha parella de adolescentes que afirman que a prohibición limita a súa liberdade de expresión política. Gústame este argumento porque presupón que as persoas menores tamén teñen dereito á expresión política e, xa que logo, tamén ao compromiso e á implicación.



EMIA



moita saúde, e se o len despois, desexo que xa gocen plenamente dela. Con todo, non esquezan que o mellor de todo é coidarse e ser bos para poder coidar e facer ben aos demais.

Feliz ano!

“Devezo
que as súas
Maxestades
lles traian
moita saúde”



A adolescencia é moitas veces un mundo paralelo ao mundo dos adultos. Eles e elas teñen os seus propios problemas, o seu léxico e tamén os seus debates. Non estaría de máis escoitalos e saber que lles preocupa.

“O plan de normalización non pode estar condicionado por quen considera o galego como unha lingua de segunda”



Valentina Formoso, docente e investigadora. Foto: cedida

A Xunta ten en marcha a actualización do Plan Xeral de Normalización Lingüística, vinte anos despois da súa aprobación. Nun contexto marcado polos datos de retroceso do uso do galego e polo debate sobre a chamada “emerxencia lingüística”, a investigadora, filóloga e docente Valentina Formoso Gosende analiza con mirada crítica o proceso, os seus límites e os erros que non se poden volver repetir.

Cando analizas a evolución do galego nas últimas dúas décadas, que fotografía che aparece?

É unha fotografía cun primeiro cachicho en cor e logo a maioría en branco e negro. O anaco de cor estaría entre 2006 e 2010, mesmo desde 2004, porque foi cando se aprobou o Plan Xeral de Normalización Lingüística (PXNL) e, con el, abriuse unha ventá á esperanza.

Con base neste PXNL, en 2007 foi cando se aprobou o Decreto 124 polo que se regulaba o uso e promoción do galego nos centros educativos e que supoñía un avance importante para a promoción do galego (supoñía eliminar o límite de uso da nosa lingua no ensino e mesmo abrir a posibilidade das liñas de galego en ámbitos urbanos). Esa sería a parte en cor, que acabou en 2009 co cambio de goberno e xa en 2010, se rematou coa aprobación do Decreto 79 para o plurilingüismo.

E o máis grave non foi tanto a redacción do decreto, que é terrible polo que supuxo de ruptura co proceso de

normalización que se estaba a iniciar, senón o discurso oficial que se creou arredor do galego que aireou vellos prexuízos, reafirmou un imaxinario negativo arredor da lingua propia e conseguiu que deixasen de ser politicamente incorrectas afirmacións doutros tempos sobre o galego. Estas tiñan detrás unha ideoloxía lingüística

“Esta actualización significa un facer que se fai”

que considera o castelán como lingua hexemónica e que debe seguir séndoo para lle dar sentido a unha unidade nacional que leva séculos forxándose..

Está en marcha a actualización do Plan Xeral de Normalización: que significa isto para ti como investigadora e docente? É unha ocasión real para repensar o futuro da lingua?



Miles de persoas participaron en febreiro do 2025 en Santiago de Compostela nunha manifestación para denunciar o que cualifican como unha “emerxencia lingüística extrema” foto: RTVE

Para min esta actualización significa un facer que se fai, enredar e deixar pasar o tempo. Non críto os pasos que se están dando para desenvolver a actualización, senón a intención última. Para que se actualiza o PXML? Para eliminarlle ao anterior as medidas que buscaban un avance cara ao galego? Se é así, para que nos reúnen a sectores que saben que reclamamos esas medidas?

Non lle atopo ningún sentido á redacción dun Plan de normalización cando non hai ningunha mudanza na ideoloxía lingüística que está por detrás de quen pode aprobalo.

Un Plan xeral de normalización para o galego non pode estar impulsado por quen considera o galego como lingua B, como lingua de segunda. Dáme a impresión de que se puxo isto en marcha para aparentar que se fai algo á vista do desastre dos datos de uso entre a xente moza, pero, en realidade, non se busca a normalización da lingua. Plan será, pero para outra cousa. Polo tanto, xa enlazo con isto a resposta á última pregunta: non vexo unha ocasión real para repensar o futuro da lingua, ou, polo menos, un futuro con mil primaveras...

O proceso de ser participativo: quen está realmente sentado na mesa e quen debería estar? Falamos dunha rede plural de voces ou dun espazo aínda demasiado limitado?

Semella un plan participativo porque deu a sensación de que, co paso do

tempo, se escoitaba a todas as persoas que petaron á porta e mesmo se habilitou un formulario en liña para a participación cidadá. Mais será participativo sempre que se atendan as achegas de todas as persoas e entidades que participaron. Con todo, hai que ter presente que o feito de que, no momento da súa posta en andamento, se vendese como participativo e plural non quere dicir que vaia ser efectivo e que nos vaia levar a algures.

Non dúbido da intención de quen está a coordinar o proceso, senón da intención política que hai detrás e do

“As familias galegofalantes en contextos urbanos téñeno moi difícil”

uso que se vai facer de todo isto. Porque por máis plural que chegue a ser a rede de voces, e xa sabemos que hai ausencias importantes, hai que ver que se traslada de todas as achegas á redacción do Plan e logo, se está todo recollido, que medidas se propoñen para reverter esta situación na que estamos. E haberá que saber que se pensa facer con el e coas ideas que se recollen, porque un Plan, como di a palabra, recolle a planificación, que logo se terá que concretar...

Ti participaches nunha reunión como integrante da NEG (Nova Escola Galega) Que sensación che deixou? Hai vontade de escoitar?

Si, participei nunha reunión con integrantes de Nova Escola Galega. A sensación, coas persoas que nos recibiron, foi moi boa: amosaron vontade de escoitar, abertas ao diálogo, ao intercambio de pareceres e a seren proactivas neste proceso.

A NEG leva tempo alertando da “emerxencia lingüística”. Que propostas desa diagnose consideras imprescindibles nun novo plan?

O primeiro é recoñecer que existe unha situación de emerxencia e deixar de falar de cordialidade e harmonía. Hai que remexer conciencias, renunciar á propaganda e poñer en valor as achegas da sociolingüística e da pedagogía.

Tamén é imprescindible anunciar mudanzas legislativas para cumprir a Carta Europea e, cando menos, a Lei de Normalización Lingüística, que fala de progresividade no uso do galego, algo que leva máis de 20 anos truncado.

E a planificación non pode quedar nun documento: ten que haber seguimento, avaliación e recursos, especialmente no ámbito educativo.

Que erros dos últimos 20 anos sería imperdoable repetir?

Un erro é unha equivocación, algo que se fai sen querer. Mais o problema

“O plan de normalización non pode estar condicionado por quen considera o galego como unha lingua de segunda”



Manifestación de febreiro 2025.
Foto: Xornal de Compostela

é que algo que non se podería volver repetir é aquel escenario no que a defensa e promoción do galego se equiparou con imposición e calquera medida normalizadora contrapúxose coa liberdade. Enlamar o imaxinario social sobre o galego non pode volver suceder, pero non foi un erro, foi premeditado.

Unha decisión política imperdoable foi o Decreto 79/2010 no ensino, que freou o proceso de normalización e levou a lingua nunha deriva costa abaixo da que non se dá saído. E tamén as ausencias de políticas lingüísticas de promoción: non hai apoio real no ámbito económico, sanitario, deportivo, cultural, relixioso...non se busca que o galego gañe espazos sociais.

As actividades puntuais de dinamización que se poden organizar desde a Secretaría Xeral de Lingua non forman parte dun proceso normalizador porque non hai ningunha planificación que busque ese obxectivo.

Onde ves que se xoga agora mesmo o futuro real do galego?

A escola é prioritaria, pero a normalización ten que darse en todos os ámbitos ao mesmo tempo. Na escola adquirese competencia formal, oral e escrita, pero esa competencia ten

que poder aplicarse despois na vida real. A rapazada sae da escola e vaia a actividades de todo tipo (deportivas, musicais...) e alí ten que estar o galego presente.

E as familias tamén teñen que percibir a súa presenza no ámbito laboral, nos medios, na administración e na vida cotiá. As familias galegofalantes en contextos urbanos téñeno moi difícil se todo o contorno é castelanfalante. E falta concienciación e formación, polo que moitas destas familias cando a rapazada lles chega da escola a falar castelán, son as nais e pais que moitas veces mudan a súa lingua.

Mirando a longo prazo: que deberíamos poder dicir dentro de dez anos se este novo plan funciona?

Dez anos despois deberíamos poder dicir que o galego recuperou espazo social, especialmente no ámbito educativo, con liberdade real para ensinar en galego e sen materias obrigatorias en castelán.

Tamén sería un sinal claro que o profesorado novo chegase con competencia en galego, porque moita da xente que está entrando agora nos centros xa se formou con este Decreto e con este imaxinario social e non ten competencia real, daquela, non a pode transmitir.

E, desde logo, o que deberíamos poder dicir é que se comezaron a desenvolver -máis de 20 anos tarde- as medidas que xa estaban no Plan Xeral do 2004. Ao final hai moitas medidas que se poderían aínda implementar. Non creo que as novas sexan máis innovadoras nin supoñan máis avance para o galego.

“Non vexo unha ocasión real para repensar o futuro da lingua”

R.R.

‘Soño de liberdade’: a loita das mulleres que cambiaron o país

Acaba de chegar ás librarías *Soño de liberdade*, a segunda novela da escritora Marisa Castro, e debo dicir que é deses libros que un colle coa curiosidade do “a ver que tal” e remata devorando coma quen cae nunha boa conversa. Castro, que xa conquistara público e crítica con *A familia das curandeiras*, volve demostrarnos que sabe moi ben onde tocar para que unha historia resoe con verdade.



A escritora
Marisa Castro

Nesta ocasión mergullámonos na vida dunha muller do rural galego, Sabela Couto Roriz, nacida en 1949. Ao longo das páxinas asistimos á súa loita por escapar dun destino escrito polos prexuízos, a autoridade paterna e un sistema que colocaba as mulleres sempre nun segundo plano. O interesante é que Castro non dramatiza máis do necesario; deixa que a vida de Sabela fale soa: a dureza das tarefas agrícolas e gandeiras, a precariedade dunha rapaza humilde e os amores que había que vivir ás agochadas.

A novela funciona tamén como crónica social dunha Galicia en tránsito, desde as cartillas de racionamento ata a chegada da democracia. Sabela, estudando contra vento e marea, rebélase contra o que parecía inevitable: logra independencia, traballo e a liberdade de amar a quen quixo. E iso, máis que unha historia individual, é un retrato das moitas mulleres que abriron camiño sen saber que estaban facendo historia.

É significativo que todo isto o escriba a lucense Marisa Castro, unha muller que vén da ciencia —bióloga, investigadora, docente universitaria durante varias décadas— e que coñece ben o que significa rachar moldes nun mundo tradicionalmente masculino. Tras unha carreira dedicada á micoloxía e á divulgación científica, sorprendeu cun debut literario brillante. Agora confirma que non foi casualidade.

Soño de liberdade, de Hércules de Ediciones, é, en definitiva, unha novela que se le con gusto e que deixa pouso. Un libro que reivindica as mulleres que, coma Sabela, soñaron —e traballaron— para vivir doutra maneira.

A novela
funciona tamén
como crónica
social dunha
Galicia en
tránsito

Beatriz Cedrón

A USC concedeu por primeira vez os **Premios á Divulgación Científica** á matemática Elena Vázquez Abal e a Manuel Gago Mariño. A Elena Vázquez valóraselle o rigor, a accesibilidade e a calidade na comunicación científica, a reivindicación do uso do galego e, entre outros aspectos, a visibilización do papel da muller na ciencia. A Manuel Gago recoñéceselle o uso pioneiro, destacado e innovador de ferramentas dixitais no ámbito da divulgación, así como o impacto do seu traballo desde un firme compromiso coa cultura galega.

Imaxe: usc.gal



As pegadas do baile é

un proxecto de Artur Puga que naceu ao abeiro doutro máis amplo, o *Ven e baila*, de reivindicación e difusión do baile tradicional. Trátase dunha proposta pensada para espallar as coreografías tradicionais a través dun lenzo que se coloca directamente no chan, no que están debuxadas e numeradas as pegadas que é preciso seguir para bailar as distintas coreografías. Preténdese achegalo a centros educativos, concellos e calquera espazo no que sexa posible instalar o lenzo.

Imaxe: www.diariodepontevedra.es



Os episodios de ansiedade, sobrecarga, estrés e dor afectan ás nenas e nenos en idade escolar cada vez en maior número e a idades máis temperás.

A **Asociación Galega de Orientadoras** (AGOEP) loita por acadar ratios de atención axeitadas por profesional, unha formación axeitada e unha comprensión real do seu labor. Reclaman tamén máis coordinación con outros servizos sociosanitarios e xurídicos, así como respaldo para realizar un traballo cun alto nivel de desgaste e implicación emocional.

Imaxe: facebook.com



No seu día, as cooperativas Feiraco, Os Irmandiños, Melisanto e Lactogal uníronse para constituír CLUN (Cooperativas Lácteas Unidas). En decembro, CLUN e Leite Celta anunciaron a creación dunha iniciativa conxunta, **CoRural** (Corporación Rural Láctea), para consolidar a súa presenza no mercado. Se a iniciativa resulta autorizada, o grupo reunirá 1.400 produtores de leite, 800 persoas empregadas, 8 plantas e 600 millóns de euros anuais de facturación.

Imaxe: europapress.es



Un **bosque comestible**

(horto forestal ou bosque de alimentos) créase plantando diversas especies de árbores de distinto porte, arbustos, herbas e plantas, procurando un ecosistema similar aos xerados de xeito natural. Deséñanse para a produción de alimentos e materias primas, artellándose en sete capas para un mellor aproveitamento do espazo e para procurar distintos hábitats para a vida silvestre. En Galicia hai varios en marcha, como os de *No Eido* (Valmiñor) ou o de *Sachos á rúa*, en Ribeira.

Imaxe: deia.eus

Nos anos 60, o fotógrafo **Nicolás Muller** recibiu o encargo de tomar imaxes ao longo do Estado, co fin de publicar unha serie de libros que recollen unha versión moderna e atractiva de cara ao turismo e ao investimento estranxeiro. Porén, en Galicia Muller tirou máis de 700 fotos, das que unha mostra está a xirar polo país, nas que o seu espírito fondamente humanista acolle imaxes de gran sensibilidade arredor de cinco temas básicos: territorio, mercado, o mar, a muller e urbanismo e modernidade.

Imaxe: farodevigo.es



O proceso electoral do 30 de novembro en **Honduras** deixaba en decembro aínda pendente de dirimir a candidatura gañadora. O resultado definitivo chegará despois de realizar un recuento final tras numerosos atrancos que demoraron o pronunciamento sobre quen dirixirá o país: Nasry "Tito" Asfura, conservador apoiado polos Estados Unidos, ou Salvador Nasralla, do Partido Liberal, separados por unha marxe moi estreita, nun proceso moi cuestionado por acusacións de fraude.

Imaxe: rtve.es



O acto co que a Real Academia Galega puxo fin en Muxía ás **Letras Galegas** dedicadas en 2025 ás cantareiras e á poesía popular deixou varias reflexións que apuntan a un futuro prometedor no que á música tradicional se refire. Na xornada (que se pode ver na páxina web da entidade) falouse, entre outros temas, das novas formas da música tradicional, das variables de clase e xénero na poesía popular oral e da maneira de facer comunidade a través da voz colectiva da nosa música.

Imaxe: academia.gal

Pingas de orballo

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

A señora María, de Lanzá, unha muller que viviu para dar felicidade



D^a María Blanco Cardelle,
de Lanzá (Mesía)

Foi veciña e confidente de mil historias fermosas. A muller que máis cousas dicía coa súa feble voz mentres cantaba, e facíao moi ben. Sabía miles de historias que me cantou e contou no devalo das tardes, na infinita paciencia e con aquela luz dos ollos esperanzados no porvir. D^a María Blanco Cardelle, de Lanzá (Mesía), unha muller que viviu para facer felices aos demais. A min particularmente lembrábame moito á miña *mai*, naquela fala pousada, naquel darlle tempo ao tempo, nos modos afables e lentos, sosegados; nas súas reflexións e rezos, no seu constante facer agradable a vida con sorrisos. Tiñan as dúas, tamén a miña *mai*, unha actitude vital moi semellante, tan forte que era quen de acabar coas mágoas.

A señora María tiña calidades perfectas para facernos recuperar a calma. Esa sabedoría innata de conseguir a paz facíao desde a súa gran capacidade de observación, sempre atenta ás cinco fillas e ao fillo. Simpática e agradable, boa persoa, gran cociñeira

de saborosos recendos e doces levedados lentamente. Cunha grande sensibilidade social, tiveran tenda e taberna en tempos, sabía o que era aguantar a cada quen coas súas melancolías. Era boa cantadora e moi animada, ecoloxista de rigor no trato animal e

“Era unha grande fabuladora”

vexetal, seres vivos e dignos do maior respecto, ese que transmitía ao falar e nos feitos. Tiña unha fe a proba de desgrazas; por iso erguía e tiraba de todos. Capaz de empatizar cos máis fráxiles e vulnerables, a quen comprendía desde a súa afabilidade limpa. Foi tamén, para min, unha grande informante nas miñas angueiras procuradoras de cultura tradicional.

Téñolle recollidas moitas cantigas e palabras sobre a vida dos paxaros, dos seus costumes, de lendas e contos. Nos seus ollos adiviñábase claramente a bondade, xa na primeira ollada, coa sinxeleza dos acenos e os movementos non finxidos. Facía oracións para ela, para o seu propio consumo. Na distancia curta da confianza e da fonda amizade, sabedora das miñas ansias por recoller e facer que prevalezan, tense amosado e dito. Algunhas quedaron escritas nun caderno pequeno que teño e gardo para, logo, amosar e dar a coñecer. Como mostra vai esta, tan sinxela e feita por ela para rezar e saírse das oracións dadas de memoria:

“Vimos todos adorarte, noso luceiro querido, e pedirche que nos deas dese teu amor bendito. Luceiro da media noite, luceiro do mediodía, luceiro, sirvas de guía para toda a nosa vida. Alume esta nosa barca se algún día se avaría e que nos leve ao peirao cheos de luz e de vida”.



Grande é esa Natureza na que non reparamos.
Foto La Voz de Galicia

A señora María gardaba na memoria moitos anacos de sucesos que convertía en relatos, dándolles pouso moral, ás veces en verso, como así mas contou. Este forma parte dunha colección de descrições didácticas para aprenderlles á rapazada desde a súa lingua, de contidos moralistas. A señora María contábo así:

«Era unha vez un home moi bo, que se dicía santo. Outro home, coñecido del, mandoulle por un mozo dúas caixas de froita coa encomenda de que o lembrara nas súas oracións. O mozo, vendo a tan rica froita, agachou unha caixa no camiño e a outra levoulle a aquel que tiña sona de santo. Cando chegou aló, deulla e soltoulle o encargo. Quería marchar, pero tivo que escoitar ao señor que, desde a súa bendita paz, dicía: “Demos grazas a Deus, mais aquí non chegou todo o mandado. Sei que deixaches outra caixa agachada no camiño. Cando vaias de volta, ten tino porque atoparás nela unha cóbrega velenosa. Non te vaia trabar. A froita poderás comela ou repartila

cos teus. Mais ten presente que non se poden facer estas cousas. Rezarei por quen ma mandou e tamén por ti. E ti rezarás por el e por min para limpar as túas faltas”».

O rapaz pasou moita vergoña e marchou confundido. Puido comprobar que na caixa había unha cóbrega, segundo lle dixera o home santo; sacouna cun pau longo e levou a froita para a súa casa, cumprindo a promesa de pedir perdón e encomendalos, aos dous, nas súas pregarias.

“Facía oracións para o seu propio consumo”

Era unha grande fabuladora e sempre nos convidaba a saber cousas de paxaros, polos que tiña especial debilidad. Contaba como, no medio da noite, espertaba cos cantos dos máis madrugadores, imaxinando os seus

mundos e as paisaxes vistas desde o alto. Falaba dos niños, dos ovos, do seu comportamento en grupo, cun relato lento e cheo de paixón. Sabía que eran unha obra máxica para engalanar días e cores, para o consolo e o pracer da súa compañía.

Co seu exemplo pretendía facernos comprender a inmensidade da contemplación e mellorar a nosa convivencia, para lles gardar respecto e admiralos. Son seres vivos, moi vivos. Falaba na confianza dunha infusión, mentres soñaba coa súa voz pousada, a anécdota dunha pomba, do estorniño, da perdiz. Aves fermosas, paxaros cantando, grande é esa Natureza na que non reparamos. Debemos agradecerlles aos ceos a súa fermosura tan grande e a sabedoría benéfica e sa, da que é dona a humanidade. Contaba tamén do canto dos reiseñores, que sinalan o día desde a madrugada, anunciando a primeira alba entre músicas de violín e de arpa, unha mestura de beleza que enche as nosas casas.

Nota- recordatorio para subscritores/as

Como xa anunciamos neste mesmo número e no de novembro de 2025, a revista Irimia cambia de periodicidade e de formato. Renovámonos mantendo o seu sentido, dotándoa de novos contidos e deseño e facéndoa sustentable e posible cos medios dos que dispoñemos. De todo isto falouse e debateuse de vagar na festa do lume de 2025, de maneira aberta a todos os subscritores e subscritoras que quixeron participar. Foi o comezo dun proceso para darlle forma á nova proposta proposta que presentamos no citado número de novem bro 2025 unha vez que foi validada na Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación Irimia, celebrada en Santiago na pasada primavera.

Lembramos que na nova proposta a periodicidade da revista en papel é trimestral. Catro números ao ano: Un número por cada estación. E isto fundamentalmente por dous motivos:

- **As dificultades humanas e económicas para manter o ritmo dunha revista mensual.**
- **O propio sentido que teñen as publicacións impresas nun tempo no que a información e a opinión sobre o noticiable xa se consume maioritariamente a través de medios dixitais. O papel aínda ten un sentido, mais este encóntrase máis na lectura pausada de textos con certa profundidade, do que na lectura lixeira que promove a internet.**

A revista sairá mais espazada no tempo, pero tamén aumentará o seu número de páxinas. É un cambio de cantidade por calidade e a proposta é manter o prezo actual das subscricións.

Está previsto que o número de primavera chegue aos vosos domicilios por correo ordinario en marzo de 2026.

IMPORTANTE:

Se, como persoa subscritora de Irimia, lle queres dar unha oportunidade a esta nova etapa da revista, non tes que facer nada: seguirás recibíndoa puntualmente no teu correo postal. En caso contrario fáinolo saber para cursar a baixa da túa subscrición.

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Coordinación da edición: R. García.

Consello de redacción: Daniel López Muñoz, Luis Gómez Aldegunde, Lidia Campos Chan, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez, Lucía Santiago Díaz, Marta Sopena Font, Rubén Aramburu Molet, Tino Santiago, Baldomero Iglesias Dobarro (Mero), Xan Guillén Vázquez, Teresa Souto Loira, Christina Moreira, María Pereiro, Xabier Blanco, Clara Baliñas, Marisa Vidal, Xosé Lois Vilar, Lois Ferradás, Olga Álvarez, Beatriz Cedrón Vilar.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Tareixa Ledo Regal, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto Varela, Carlos Vázquez, Jessica Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Gumersindo Campaña Ferro, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuiña, Alfonso Mascuñana Bordas, Antón Laxe, Josecho Barca López, Felipe Arias Vilas, Elvira Santos, Beatriz Mosquera, Madó Domínguez, Anuncio Maroño, Clara Raposo, Beatriz García Turnes, Belén Caballo, Manuel García Turnes, Roberto Álvarez.

Recepción de artigos e colaboracións en: asoc.irimia@gmail.com

Subscricións:

Tel.: 689 858 197 / irimia@irimia.gal

Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 10 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista:

irimia@irimia.gal

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 450 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

Retos e esperanzas para un segundo cuarto do século¹

Velaí vén, ten que vir, a Paz.

E co salmista, Señor da Paz, activamente pedímosche:

que nos seus días floreza a xustiza,

que cada día progrese o entendemento e o diálogo,

que se multipliquen os profetas da non-violencia,

que a naiciña terra sexa respectada e cultivada,

que as persoas se atopen e os pobos se solidaricen,

que as nenas, os nenos e os anciáns sexan queridos e valorados,

que as persoas paradas atopen traballo,

que ninguén, nin os de dentro nin os de fóra, se sintan estraños,

que non endeusemos as cousas nin compremos a felicidade nos mercados,

que as familias sexan coidadas e estimadas,


que deamos vida e defendamos a vida,

que non queiramos vivir por riba das nosas posibilidades,

porque non queremos que ninguén viva por baixo das súas necesidades,

que non queiramos ser felices a costa do sufrimento dos demais,

que saibamos vivir ao xeito do mestre de Nazaré, o Fillo das Benaventuranzas.



IRIMIA Falando da lingua

Lidia e Valentina

Dicímosvos este adeus chorando desde a beiriña do mar...

Era o número 563, cincocentos (ou quiñentos, como queirades!) sesenta e tres... Xa choveu! Si, ho, que chover, choveu coma quen a tira cun caldeiro... Daquela volta movemos a Tintxu –Que en gloria estea!– da contraportada para a páxina 6 da revista, que tampouco estaba nada mal, ho; agora ben, a nós déronnos un lugar preferente, para “persoas moi importantes”, sen saberen no que iamos dar... Foi vos ben atrevida a directiva da revista *Irimia*! E chamábámoslle á nosa sección “Lingua e fala”, que logo virou en “Falando da lingua”. E compartiamos páxina nin máis nin menos ca co “Cantar do irimego”, de Pepe Chao –que tamén en gloria estea!–. Que orgullo!!!

E este é o número 1077...., un número coma outro calquera, cunha diferenza de máis de cincocentos co primeiro...

Non nos vén á boca outra cousa cando miramos para atrás, para alá ben lonxe, ca darlles as grazas a todas as nosas lectoras e lectores durante todo este tempo. Que xa é moito. Era alá polo ano 1999, polo mes de outubro, a piques de entrar o temido ano 2000, cando comezamos nesta aventura. E non por iren alá tantos anos chegamos a estas alturas levadas do demo, fumando en pipa, rabiadas, feitas unhas furias, feitas unha chispa... Non, non é o caso... Foi unha marabillosa viaxe irimega, así que reiteramos o agradecemento, porque xa sabedes aquilo de que é de ben nacidas ser agradecidas e é mellor comer un ovo ca pasar sen dous... Que a fraseoloxía popular nunca esqueza!

E, como se di no país veciño, ficamos obrigadas con todas aquelas persoas que sempre estiveron aí connosco e coas nosas teimas. Porque, como explicou o profesor portugués António Novoa, a lingua irmá e veciña é aquela

na que se expresa a gratitude do xeito máis profundo. Podemos agradecer desde un plano algo máis superficial, co termo “grazas”, que se refire a que damos unha “graza” (latín, *gratia*) por algo que se nos deu. No noso caso, un agradecemento por tanta atención tantos anos. Mais tamén quedamos para sempre “obrigadas” e vinculadas con todas as persoas que, durante este tempo, empezastes a revista pola contraportada. Aínda que sexa ben certo aquilo de que vale máis caer en graza ca ser graciosas...

E chegando a este punto, como se di nas coplas populares, “hai que dar a

despedida!”. Daquela, abur!, aburiño!, adeus!, ata logo!, ata outra hora!, ata máis ver!, que vaia ben! Se por ben é, atoparémonos nos camiños da vida! Vémonos!

Contamos con que lembredes a diferenza entre “última” e “derradeira”, que vos temos explicado. A “última” era cando aínda podía vir outra despois e a “derradeira” era a última dunha serie. Pois desta volta temos que rematar dicíndovos que esta é a nosa derradeira “lingua”...

Non nos olvidedes, xentiña se morremos de soidás...

